

**ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA
IES FÉLIX MURIEL** **CURSO 2021-2022**

En base ao disposto pola Orde de 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o departamento de Música realiza as seguintes modificacións nos epígrafes 4.8 e 5.7 da Programación Didáctica do vixente curso:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A terceira avaliación parcial terá lugar a partir do 6 de xuño e a avaliación final a partir do 23 de xuño; non haberá avaliación extraordinaria.

1. Alumnado cunha ou máis avaliacións suspensas:

Durante o período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño, o alumnado realizará actividades de apoio, reforzo e recuperación relacionadas cos contidos, competencias ou estándares de aprendizaxe non superados.

Propoñeránselle tarefas específicas individualizadas en función das súas necesidades, polo que dependendo dos casos, pode haber probas escritas en relación cos contidos non superados, exercicios prácticos, fichas de reforzo, entrega de traballos non presentados..., valorando tamén a actitude positiva e de traballo entre esas datas.

A nota final resultará da valoración desas actividades específicas, pero tendo en conta tamén a traxectoria e cualificacións obtidas durante o curso.

2. Alumnado con todas as avaliacións aprobadas:

Durante o período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño, a este alumnado propoñeránselle actividades de reforzo e ampliación fundamentalmente prácticas e poderá presentarse tamén, de ser o caso, a probas obxectivas. Estas actividades e probas poderán repercutir nun incremento da nota sobre a media ponderada das tres avaliacións.

En Rianxo, a 30 de marzo de 2022